A cualificación global de cada avaliación obterase: das probas escritas (90%), e dos traballos e participación activa na clase (10%) [(1) Calidade dos traballos, prácticas e exercicios propostos na clase, (2) Atención prestada e participación activa de forma oral na clase sobre a unidade didáctica que se estea a impartir, (3) Traballo individual na clase e na casa na resolución das prácticas e traballos propostos e (4)A corrección voluntaria das anteriores para toda a clase]..
En todo caso, será necesario que na proba escrita se acade un 5, para poder aplicar estos criterios.

Para superar o módulo será preciso obter unha cualificación de como mínimo 5 puntos en todas e cada unha das avaliacións. Para facilitar ao alumnado a obtención da mesma haberá unha proba final para superar as partes que teñan pendentes ao chegar ao final do curso. A calificación final de cada avaliación farase por ponderación segundo o peso específico de cada unidade formativa establecidas no punto 3 da programación.

A puntualidade, o respecto aos compañeiros e ao profesor, o coidado das instalación e materiais do Centro, etc; son aspectos que non forman parte da avaliación porque se consideran mínimos necesarios para poder formar parte da comunidade educativa.

O módulo é de carácter presencial, polo tanto a asistencia a clases non formará parte da avaliación.
Asistencia e puntualidade: cada 3 faltas de puntualidade computarase unha falta de asistencia non xustificada. Despois de 10 minutos do inicio da clase o alumno/a non poderá entrar en clase e terá unha falta de asistencia non xustificada.

Para a avaliación do alumnado ante o caso dunha educación non presencial ou semipresencial empregaranse os mesmos criterios de avaliación e instrumentos que na educación presencial, coa salvidade que neste caso as probas que se realicen serán mediante: encontros virtuais de tipo oral, examen tipo test on-line ou examen escrito escaneado (usando o teléfono móvil ca ferramenta de Google Drive do seu correo electrónico poden escanear documentación e remitila mediante correo electrónico) entregado ao profesorado, vía correo electrónico ou aula virtual. Para iso será obrigatorio que o alumnado que se examine teña conectada a videocámara da plataforma de videoconferencias, sendo necesario observar o seu rostro así como a mesa na que se sitúa o seu ordenador.

No caso dunha proba oral, esta deberá realizarase de forma individual, será necesario establecer co alumnado o día e a hora a que cada alumno/a deberá conectarse á plataforma de videoconferencias. Para evitar que o alumnado comparta a información das diferentes probas o profesor pode optar por realizar diferentes modelos, sempre co mesmo número de preguntas e cun nivel de dificultade semellante. Durante a resolución o profesor rexistrará as respostas do alumno/a nunha plantilla para que deste xeito quede constancia das súas respostas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para o alumno que teña o módulo pendente, logo de realizada a terceira avaliación parcial, realizarase un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación, que se impartirán entre a data da terceira avaliación parcial e a data da avalación final. As actividades de recuperación, deste módulo realizaránse nun periodo non superior a tres semanas (DOGA, Nº 136 - 12 xullo, 2011) .

Se o finalizar o curso, ou a duración do módulo, o alumno/a non acadou os obxectivos mínimos exixidos, planificaránselle actividades de recuperación ó longo do curso seguinte.
Para os novos módulos do novo Ciclo Superior da LOE planificaranse actividades de reforzo para o período indicado no artigo 29 da Orde do 12 de Xullo de 2011.
Se ao finalizar o curso o alumno non acadou os obxectivos mínimos esixidos, planificaránselle actividades de recuperación ao longo do curso seguinte, así como durante o periodo de tempo durante que os seus compañeiros están a facer a FCT.
As actividades de recuperación e reforzó poderán consistir en:
1. Realización de traballos, resolución de actividades, baterías de exercicios prácticos, exposicións, etc. Sobre aqueles aspectos nos que se detecten as maiores deficiencias.
2. Repetición de determinadas actividades cando se observe que na súa realización o alumno non adicou suficiente tempo ou esforzó.
3. Realización dunha proba escrita sobre os contidos da avaliación non superada, precisando para a súa superación una nota mínima de 5.
4. Clases especiais de reforzo para correxir hábitos de estudo pouco eficaces, falta de motivación ou capacidades mal adquiridas.
A recuperación de avaliacións se fará con posterioridade a avaliación, sempre despois da cualificación. Farase de cada avaliación polo menos una recuperación mediante proba escrita, que se realizará despois de cada avaliación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Como aparece regulado na RESOLUCIÓN do 18bde xuño de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021/22. e no artigo 25 da Orde do 12 de Xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional; o alumnado perde o dereito á avaliación continua nun determinado módulo, cando o número de faltas inxustificadas sexa do 10% respecto a súa duración total. Para os efectos de determinación de perda de avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias personais e laborais do alumno na xustificación desas faltas.

O alumno non asistente que perda o dereito á avaliación continua terá que realizalas seguintes probas de avaliación:
- Traballos: Deberá entregar os traballos encomendados ao longo do curso ao grupo de alumnos existentes.
- Proba escrita con exercicios e supostos teórico-prácticos relacionados cos contidos do módulo no que debe obter una puntuación igual ou superior a 5.

Dita proba extraordinaria, comprenderá:
-Unha proba escrita, dun exercicio completo de contabilidade
-Unha proba escrita, sobre a liquidación do IVE.
-Unha proba escrita sobre cálculo mercantil
-Unha proba escrita referida ó proceso de compravenda

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A normativa vixente en materia de formación profesional reflicte a necesidade de realizar o seguimento das programacións dos módulos dos ciclos formativos. Así, o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia (DOG 12/07/2010), establece no seu artigo 34º.4 que o equipo docente realizará o seguimento das programacións de cada módulo, con indicación do grao de cumprimento con respecto á programación e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.
A Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOG 15/07/2011), determina no seu artigo 23º.5 que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións de cada módulo. Ademais, a Orde establece que a programación será revisada ao inicio de cada curso académico á vista da experiencia do curso anterior e outras circunstancias, e que o referido seguimento e revisión constará nas correspondentes actas do departamento ou, de ser o caso, do equipo docente do ciclo.
Polo tanto, mensulamente realizarase a labor de seguimento da programación do seguinte xeito: Para iniciar a edición do seguimento da programación, cada profesor/a deberá seleccionar unha unidade didáctica no menú despregable e cubrir os campos informativos sobre:
-Data de inicio da impartición da unidade didáctica.
-Data de finalización da impartición da unidade didáctica.
- Sesións realizadas. (A aplicación calcula a diferenza de sesións respecto ás previstas na programación).
- Comentario xeral da unidade didáctica.
- Propostas xerais de mellora.
- Grao de cumprimento, de dita unidade didáctica.
O seguimento da unidade didáctica complétase con información por cada unha das actividades programadas, así por cada actividade pódense rexistrar:
- Sesións realizadas nesa actividade.
- Comentario xeral da actividade.
- Propostas xerais de mellora.
Respecto a autoevaluación do profesorado realizarase a través de:
-A opinión dos alumnos/as a través das preguntas ou observación do comportamento e evolución do mesmo na clase ao longo do curso escolar, analizaranse as informacións obtidas e adoptaranse as medidas oportunas.
-A actualización profesional (cursos de formación do profesorado)

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Esta avaliación, non levará en ningún caso consigo unha cualificación.

Coa sesión de avaliación inicial, á que se fai referencia na Orde do 12 de Xullo de 2011, preténdese recoller, por parte do profesorado-titor, coa colaboración do resto do equipo docente, a información dispoñible de cada alumno e alumna en particular, e do grupo-clase en xeral. O intercambio de opinións e de información entre o profesorado facilitará a toma de decisións como un primeiro paso no proceso da avaliación continua. O proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos vai cara a consecución dos obxectivos mínimos marcados nesta programación, o que implica que o equipo docente parta dun estado inicial sobre o que irán operando os cambios producidos pola ensinanza e o aprendizaxe.
O coñecemento das características, dos niveis e das necesidades do alumnado que se incorpora ao ciclo formativo é clave para poder adaptar a proposta curricular, planificar e programar as actividades de cada módulo profesional, así como reorientar e situar o alumnado Ao comezo do curso, o equipo docente levará a cabo unha sesión de avaliación inicial do alumnado, na data fixada pola Xefatura de Estudios despois de reunila CCP, que terá por obxecto o coñecemento das características e da formación previa de cada alumno e alumna, así como as súas capacidades.
Esta información poderá proceder, entre outras:
a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
e) Da experiencia profesional previa.
f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.
En canto á avaliación inicial do módulo farase a través dun cuestionario estructurado sobre posibles coñecementos previos dos alumn@s.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A programación trata de ser o suficientemente aberta e flexible para que, ao longo do curso, se podan facer cambios que den resposta ás diferenzas individuais nos estilos de aprendizaxe, motivacións e interés do alumnado, facilitando desta forma a evolución individualizada de cada alumno/a. Para aqueles alumnos/as que non acaden os obxectivos propóñense actividades de traballo personal tutorizado.
Se falamos tamén de alumnado con necesidades educativas especiais tal como se recolle na Lei Organica de Educación (LOE) no seu artígo 71º, así como na Orde do 23 de abril de 2007 que regula o desenvolvemento dos ciclos formativos (no artigo 12º), enténdese por alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo, aquel que requira, por un período da súa escolarización ou o longo de toda ela, apoios e atención educativa específica por presentar necesidades educativas especias, derivadas de dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo o por condicións persoais de historia escolar.
A atención específica a este alumnado ten por finalidad que estes alumnos/as poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado/a. A través da avaliación procurarase detectar os problemas de aprendizaxe concretos que presenta o alumnado. Unha vez detectadas posibles necesidades de apoio educativo, poñeranse en marcha medidas ordinarias ou extraordinarias de atención a diversidade, como proceda en cada caso concreto (asesorados polo Departamento de Orientación).
O Departamento propón para o resto de alumnos que o precisen actividades de reforzo e profundización segundo as necesidades de cada alumno/a e adaptarase o ritmo de introducción de novos conceptos. Utilizaranse metodoloxías diversas, dependendo dos contidos que se desenvolvan (cuestións con respostas conceptuais, propoñer debates, redactar e cumprimentar documentos, actividades fora da aula en relación co módulo, simulacións na aula)

Este ano non temos alumnos con necesidades educativas especiais.

No caso de existencia de alumnado con necesidades educativas específicas, e en canto á avaliación, e segundo o especificado para estas ensinanzas profesionais na normativa existente: a adecuación das actividades formativas, así como dos criterios e os procedementos de avaliación cando o ciclo formativo vaia ser cursado por alumnado con algún tipo de minusvalidez, garantirase o acceso ás probas de avaliación. Esta adaptación, en ningún caso supoñerá a supresión de resultados de aprendizaxe (capacidades terminais) e obxectivos xerais do ciclo que afecten á adquisición da competencia xeral do título

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os valores que favorecen a madurez intelectual e humana do alumnado englóbanse nas chamadas ensinanzas ou temas transversais, que non constitúen en si mesmos unha asignatura ou módulo, senón que deben ser tratados dende perspectivas académicas distintas e, polo tanto, inciden parcialmente na programación curricular das diferentes áreas.
O Departamento de Administración debe facer fincapé nas súas ensinanzas na necesidade de tratar temas de Ética Empresarial e Responsabilidade Social Corporativa. En todos os módulos e, en particular no módulo de técnica Contable, trátase o obxectivo social das empresas e os valores que despois se indican. Ocuparémonos da ética no mundo dos negocios e trataremos de que o alumnado comprenda os principios morais e as normas que guían o comportamento no mundo dos negocios. Como é lóxico tamén é preciso analizar as cuestións éticas da nosa vida. Nas ensinanzas transversais tamén se propoñen valores que deben ser transmitidos:
- Educación para a igualdade entre os sexos
- Educación para a saúde
- Educación ambiental
- Educación do consumidor

Unha das características esenciais que debe asumir o ensino actual é o seu compromiso cunha serie de valores básicos para a vida e para a convivencia, e dicir, a incorporación efectiva nos seus proxectos dos valores éticos (xustiza, solidariedade, igualdade, tolerancia, respecto, paz, saúde,...) que favorezan e fagan posible unha sociedade máis humanizada e democrática.
A educación nos valores non é, soamente, unha dimensión do aprendizaxe a ter en conta no proceso educativo, senón que constitúe un dos factores básicos que determinan a calidade do ensino.
Utilizarase a prensa para comentar noticias relacionadas co módulo ou termos económicos para que se familiaricen co novo vocabulario.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares xogan un papel esencial no reforzo e na dinamización do proceso formativo, dentro e fóra do centro.
As actividades previstas no Departamento son as seguintes:
- Actividades relacionadas co autoemprego.
- Visitas a empresas e organismos públicos.
- Actividades relacionadas co comercio Xusto e consumo responsable.
- Difusión de noticias relacionadas co mundo empresarial.

10.Outros apartados

10.1) INFORMACIÓN

A programación didáctica do módulo estará a disposición do alumnado na Xefatura de estudios e no departamento.
A comenzos do curso o alumnado será informado sobre os contidos da programación do módulo.
No taboleiro de anuncios da aula o alumnado terá, cun mes de antelación, a información sobre a data dos exames trimestrais e finais da materia.
Non se permitirá ningún cambio de datas salvo por circunstancias extraordinarias que así o aconsellen.

10.2) Recursos e método

Partirase dos coñecementos previos que teña o alumnado sobre cada unha das unidades didácticas, explicando dende aí os contidos, proporcionando un material didáctico a través do cal os alumnos e alumnas, guiados pola profesor/a, poidan construír o seu propio aprendizaxe, sendo o enfoque eminentemente práctico.
En concreto, consultarase as webs de distintos participantes do sistema financeiro para comprender a actividade que desenvolven, e as ofertas de produtos e servizos financeiros e de seguros que teñen.
Realizaranse comparacións económicas entre distintos produtos, servizos financeiros e de seguros, e activos mobiliarios; asi como entre ofertas dun mesmo tipo realizadas por distintas entidades.
Proporcionaranse casos prácticos para analizar equilibrios patrimoniais, valoracións de inversiones, e confección de orzamentos.

Os recursos a empregar serán ordenadores con conexión a internet, proxector, aula virtual, calculadora e encerado

MODALIDADE DE EDUCACIÓN NON PRESENCIAL E DE EDUCACIÓN SEMIPRESENCIAL OU MIXTA
En previsión da posibilidade dun ensino non presencial ou semipresencial (mixto), desde o inicio do curso abriremos aula virtual para cada curso onde traballaremos as habilidades, estratexias e aprendizaxes simultáneamente co ensino presencial. Así e co obxetivo de que o alumnado adquira a competencia dixital axeitada para desenvolver de forma óptima un ensino non presencial promoveremos a participación en foros, envío de tarefas, utilización e procura de contidos virtuais e demais posibilidades que nos ofrece a plataforma Moodle e as plataformas de vídeo conferencia propostas pola Consellería de Educación(Cisco Webex Meetings).
Tanto cara o ensino non presencial coma semipresencial empregaranse dúas canles diferenciadas:
a) A aula virtual da materia e ferramentas educativas on line (tipo Socrative , Moodle e classroom Drive) : Dende esta aula o alumnado poderá descargar apuntamentos da unidade en formato pdf, visualizar as veces necesarias as videopresentacións e videotitoriais realizadas polo profesor da materia así como resolver diferentes test online que lles permitirá reforzar os contidos traballados.
b) A plataforma de videoconferencias habilitada pola Consellería de educación (Cisco Webex Meetings). Estas videoconferencias aproveitaranse para a resolución de dúbidas e para a explicación daqueles contidos de maior dificultade (resolución dos problemas, explicación dos diferentes conceptos, etc).

10.3) Contidos

O centro asegurarase de que as características do alumnado e os recursos dispoñibles do alumnado e do centro permitan acollerse a opción formativa telemática. De ser o caso, as programacións didácticas determinarán que aspectos do currículo poden ser obxecto desta metodoloxía.
No módulo de PIAC, todos os contidos, resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación son suscetibles de formación telemática a distancia.

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013758	Laxeiro	Lalín	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CSADG01	Administración e finanzas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0651	Comunicación e atención á clientela	2023/2024	6	160	160
MP0651_12	Comunicación e arquivo	2023/2024	6	105	105
MP0651_22	Atención á clientela	2023/2024	6	55	55

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ALEJANDRO FERRADÁS ALONSO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de comunicación interna e externa da empresa, que abrangue aspectos como:

-- Desenvolvemento de tarefas relacionadas coa comunicación interna e externa, e os fluxos de información interdepartamentais.
-- Desenvolvemento de habilidades sociais na comunicación con empregados e clientes na comunicación oral e escrita.
-- Procesos de recepción, rexistro, distribuciçon e recuperación da información dentro da empresa.
-- Procesos de xestión de queixas e servizo posvenda.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en todas as áreas e os departamentos de pequenas, medianas e grandes empresas de calquera sector de actividade.
A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), c), d), e), g), n) do ciclo formativo, e as competencias a), b), c), d), e) e p).

En resumo os obxectivos e as competencias son:

Obxetivos xerais:

-- Analizar, confeccionar, identificar os documentos e as comunicacións na empresa.
-- Conseguir un léxico comercial básico e aplicalo nas comunicacións orais e escrita, como as expresións, e os protocolos empresariais máis habituais.
-- Intentar utilizar as aplicacións e dos equipamentos informáticos no tratamento da información, para elaborar documentos, comunicacións, así como para clasificar, rexistrar e
arquivar comunicacións e documentos
-- Recoñecer as técnicas de atención á clientela e ás persoas usuarias e aplicar estratexias e técnicas de comunicación ás características das persoas receptor-

Competencias:

-- Tramitar e elaborar documentos e comunicacións internas ou externas a partir de ordes recibidas nos circuítos de información da empresa
-- Detectar necesidades administrativas e propor liñas de actuación encamiñadas a mellorar a eficiencia de ditos procesos
-- Comunicarse cos seus iguais, superiores, clientela e persoas baixo a súa responsabilidade, utilizando vías eficaces de comunicación, transmitindo a información ou coñecementos
adecuados e respectando a autonomía e a competencia.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

-- Análise e aplicacón de técnicas de comunicación oral e escrita.
-- Coñecemento e manexo dos principios que rexen as habilidades sociais na empresa.
-- Técnicas de confección e rexistro da información e a documentación da empresa, utilizando as aplicacións informáticas máis avanzadas
-- Análise dos principios e das tendencias na atención de queixas e no desenvolmento do servizo posvenda nas organizaciones.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe				Resultados de aprendizaxe		
					MP0651_12				MP0651_22		
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA1	RA2	RA3
1	Técnicas de comunicación institucional e promocional	Coñecer os tipos de organización e as tarefas que se realizan nos distintos departamentos, coñecer os conceptos de líder-xefe, os estilos de dirección , e as técnicas de motivación. Saber dos conflictos nas relacións laborais e como combatirlos.	20	10	X						
2	Comunicacións orais presenciais e non presenciais	Coñecer a importancia das comunicacións na empresa, saber realizar un proceso comunicativo eficaz, programar, desenrolar reunións e resolver os conflictos. Ter unha escoita activa, saber utilizar o lenguaxe verbal e corporal. Coñecer as tecnoloxías que utilizan as empresas para as comunicacións orais internas e externas	30	15		X					
3	Elaboración de documuentos profesionais escritos	Saber confeccionar os documentos que utilizan as empresas para invitar, solicitar e certificar. Aprender a forma e as técnicas de redacción das cartas comerciais, as partes da carta e os tipos de carta comercial, e otros comunicacións escritas como o fax e o e-mail	30	15			X				
4	Determinación dos procesos de recepción, rexistro, distribución e recuperación da información	Coñecer os rexistros obligatorios e voluntarios que ten a empresa. Coñecer os soportes que se utilizan na empresa para conservar e custodiar os documentos e información. Coñecer os distintos sistemas de clasificación e saber clasificar por os distintos criterios	25	10				X			
5	Técnicas de comunicación relacionadas coa atención á clientela ou aos usuarios	s.Coñecer as necesidades do consumidor. Coñecer o comportamento de compra do consumidor. Identificar as variables que condicionan o consumo. Distinguir entre o cliente final e do cliente industrial. Saber a importancia do cliente na empresa e a tipoloxía dos distintos clientes. Coñecer os mercados e as variables que controla a empresa para facer un plan de marketing adecuado a os seus obxetivos que vincularánse a obter o máximo beneficio.	20	15					X		
6	Xestión de consultas, queixas e reclamacións	Saber atender o cliente cando está descontento. Coñecer as institucións e organismos que vixilan a protección e defensa do consumidor. Como se tramita por vía extraxudicial os litixios.	20	17						X	
7	Organización do servizo posvenda	Saber que traballar con un plan de calidade en atención o cliente e moi beneficioso para as empresas. Planificar os servicios posvenda . Coñercer a razóns que levan a certos clientes a ter una insatisfacción posvenda.	15	18							X
		Total:	160								

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Técnicas de comunicación institucional e promocional	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza técnicas de comunicación institucional e promocional, distinguindo entre internas e externas.	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer os tipos de organización e as tarefas que corresponden a cada departamento en da estructura interna que se estableca na empresa	1	Tipos de organizacións empresariais e departamentación	2,0
2.1 Saber as funcións que corresponden a dirección e as persoas que ocupen cargos intermedios e a influencia que exercen nos subordinados	2	Funcións da dirección e mandos na empresa	2,0
3.1 Coñecer os estilos de dirección e as actuacións de estos que máis desmotivan aos traballadores.	3	Estilos de mando e clima laboral	2,0
4.1 Saber por qué se producen conflictos nas relacións laborais, orixen, causa. Cómo combatilos	4	Os conflictos nas relacións laborais: as camarillas	2,0
5.1 Reflexionar sobre as barreiras e errores da comunicación	5	Elementos e barreriras da comunicación	2,0
6.1 Coñecer a necesidade e utilidade que ten a comunicación dentro e fora da empresa	6	Tipos de comunicación na empresa	2,0
7.1 Saber realizar un proceso comunicativo eficaz utilizando a lenguaxe e os medios máis adecuados	7	Elementos dun proceso comunicativo	2,0
8.1 Saber programar e desenrolar reunións de traballo cando hay que tomar decisións importantes	8	Etapas e organización das reunións	3,0
9.1 Reflexionar sobre a importancia da imaxen corporativa nos procesos de información e comunicación nas organizacións	9	Imaxen corporativa: importancia	3,0
		TOTAL	**20**

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identificáronse os tipos de institucións empresariais, con descrición das súas características xurídicas, funcionais e organizativas.	• PE.1 - Proba obxectiva e traballos indiviuiais	S	20
CA1.2 Relacionáronse as funcións tipo da organización: dirección, planificación, organización, execución e control.	• PE.2 - Proba obxetiva e traballos individuais	S	5
CA1.3 Identificouse a estrutura organizativa para unha asistencia ou prestación dun servizo de calidade.	• PE.3 - Proba obxetiva e traballos individuais	S	5
CA1.4 Relacionáronse os estilos de mando dunha organización co clima laboral que xeran.	• PE.4 - Proba obxetiva e traballos individuais	S	20
CA1.5 Definíronse as canles formais de comunicación na organización a partir do seu organigrama.	• PE.5 - Proba obxectiva e traballos individuais	S	5
CA1.6 Diferenciáronse os procesos de comunicación da organización formais e informais.	• PE.6 - Proba obxectiva e traballos individuais	S	10
CA1.7 Valorouse a influencia da comunicación informal e as cadeas de rumores nas organizacións, e a súa repercusión nas actuacións do servizo de información prestado.	• LC.1 - Proba obxectiva e traballos indiviudais	N	5

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.8 Relacionouse o proceso de demanda de información de acordo co tipo de cliente, interno e externo, que poida intervir nesta.	• PE.7 - Proba obxectiva e traballos individuais	S	10
CA1.9 Valorouse a importancia da transmisión da imaxe corporativa da organización nas comunicacións formais.	• PE.8 - Proba obxectiva e traballos individuais	S	10
CA1.10 Identificáronse os aspectos máis significativos que transmiten a imaxe corporativa nas comunicacións institucionais e promocionais da organización.	• PE.9 - Proba obxectiva e traballos individuais	S	10
		TOTAL	**100**

4.1.e) Contidos

Contidos
Organizacións empresariais.
0Comunicación interna na empresa: comunicación formal e informal.
Comunicación externa na empresa
Calidade do servizo e atención de demandas.
Imaxe corporativa e institucional nos procesos de información e comunicación nas organizacións.
Funcións na organización: dirección, planificación, organización e control. Departamentos.
Tipoloxía das organizacións: organigramas.
Dirección na empresa.
Procesos e sistemas de información nas organizacións.
Tratamento da información. Fluxos interdepartamentais.
Elementos e barreiras da comunicación.
Comunicación e información, e comportamento
Relacións humanas e laborais na empresa.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Tipos de organizacións empresariais e departamentación - Realización unha taboa onde se expoñen as ventaxas e desventaxas dos distintos tipos de organización e como su ubican e deciden os departamentos que terá a empresa en función da súa organización	• Explicar os distintos tipos de institución empresarais	• Saber distinguir os distintos tipos de institucións empresariais	• Documento co esquema básico das institucións empresariais •	• • Apuntes, libro recomendado, Internet para buscar información	• PE.1 - Proba obxectiva e traballos indiviuiais	2,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	**Profesorado (en termos de tarefas)**	**Alumnado (tarefas)**	**Resultados ou produtos**	**Recursos**	**Instrumentos e procedementos de avaliación**	
Funcións da dirección e mandos na empresa - Explicar, e diferenciar con exemplos as distintas funcións que realiza a dirección e os mandos intermedios	• Explicar as funcións da dirección da empresa e os criterios de departamentización.	• Distinguir as distintas funcións da dirección da empresa e os criterios de departamentización	• Esquema básico das funcións da dirección e dos criterios de departamentización •	• Apuntes, libro recomendado, Internet para buscar información. •	• PE.2 - Proba obxetiva e traballos individuais • PE.3 - Proba obxetiva e traballos individuais	2,0
Estilos de mando e clima laboral - Indicar as características dos distintos estilos de mando e das cualidades que debe ter o líder en función dos distintos estilos. E como o estilo liderazgo e motivador o desmotivador.	• Explicar os estilos de mando e o clima laboral na empresa	• Distinguir os distintos estilos de mando e a súa relación co clima laboral que se crea	• Manual de clima laboral positivo • Diagrama cos estilos de mando más coñecidos •	• Apuntes, libro recomendado, Internet para buscar información •	• PE.4 - Proba obxetiva e traballos individuais	2,0
Os conflictos nas relacións laborais: as camarillas - Etapas para arbitrar un conflicto na empresa, e coñecer os tipos de camarillas, o seús efectos positivos e negativos	• Explicar o concepto de camarilla as ventaxas e desventaxas. Comunicación desleal.	• Comprender a importancia do conflicto laboral baseado no estilo de mando e a comunicación desleal	• Tificar os distintos conflictos na empresa surxidos do estilo de mando e de certas comunicacións •	• Apuntes, libro recomendado, Internet para buscar información. •	• PE.4 - Proba obxetiva e traballos individuais	2,0
Elementos e barreiras da comunicación - Citar os elementos e as posibles barreiras que hai nos distintos tipos de comunicación	• Explicar os elementos da comunicación	• Distinguir os elementos da comunicicación	• Distinguir o papel de cada un dos elementos da comunicación	• Apuntes, libro recomendado pola profesora, páxinas de Internet recomendadas.	• PE.5 - Proba obxectiva e traballos individuais	2,0
Tipos de comunicación na empresa - Identificar e diferenciar os distintos tipos de comunicación na empresa e ponderar a súa importancia	• Explicar a comunicación na empresa, os fluxos e tipos de canles que se utilizan	• Comprender e relacionar os fluxos de información na empresa	• Exemplos, de comunicacións que poden surxir dentro da empresa, e comentar o tipo de comunicación que se produce, e os fluxos	• Apuntes, libro recomendado, Internet para buscar información, documentación que poda servir de exemplo	• LC.1 - Proba obxectiva e traballos individuais • PE.5 - Proba obxectiva e traballos individuais • PE.6 - Proba obxectiva e traballos individuais • PE.7 - Proba obxectiva e traballos individuais	2,0
Elementos dun proceso comunicativo - Saber os elementos que forman parte da comunicación e do proceso comunicativo, e que en función dun do tipo o proceso e os elementos poden ter distinta ponderación					• PE.5 - Proba obxectiva e traballos individuais	2,0
Etapas e organización das reunións - Saber as fases que hai que realizar para que unha reunión sea efectiva e os requisitos formais de certas reunións: convocatoria e acta.	• Explicar as etapas previas, organización y etapas posteriores a la organización.	• Comprender a importancia das reunións e da planificación das mesmas	• Documento co esquema básico das tarefas que hai que facer para que a reunión sexa exitosa	• Apuntes, libro recomendado pola profesora, páxinas de Internet recomendadas, casos prácticos de reunións.	• PE.6 - Proba obxectiva e traballos individuais	3,0
Imaxen corporativa: importancia - Coñecer en profundidad o concepto de imaxen corporativa, e identificar os elementos que forman parte da imaxen corporativa, específicando aqueles que se vinculan cos procesos de información e comunicación nas organizacións.	• Explicar a importancia da imaxe e identidade corporativa na comunicación das organizacións	• Comprender a importancia de transmitir una boa imaxe da organización	• Planes de imaxe e identidades corparativa de distintos tipos de empresa. Comentar plan de imaxen e identidades de empresas coñecidas	• Apuntes, libro recomendado, Internet para buscar información	• PE.8 - Proba obxectiva e traballos individuais • PE.9 - Proba obxectiva e traballos individuais	3,0
					TOTAL	**20,0**

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Comunicacións orais presenciais e non presenciais	30

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza comunicacións orais presenciais e non presenciais aplicando técnicas de comunicación e adaptándoas á situación e ao interlocutor.	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Saber os principios básicos das comunicacións orais presenciais e non presenciais	1	Principios básicos das comunicacións orais presencias e non presenciais	2,0
2.1 Coñecer as técnicas das comunicacións orais presencias e telefónica	2	Técnicas de comunicacións oral presencial e telefónica	4,0
3.1 Aplicar técnicas de comunicación verbal e non verbal	3	Técnicas de comunicación verbal e non verbal	4,0
4.1 Saber da existencia de normas de protocolo e técnicas para fomentar as habilidades sociais	4	Técnicas de protocolo e habilidades sociais	2,0
5.1 Saber aplicar técnicas de comunicación na atención as visitas	5	A comunicación na atención a visitas	4,0
6.1 Coñecer as formas de comunicación oral	6	Formas de comunicación oral	6,0
7.1 Coñecer os distinos equipamentos de telefonía e informáticos	7	A comunicación telefónica. Call centers	8,0
		TOTAL	**30**

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Identificáronse os elementos e as etapas dun proceso de comunicación.	• PE.1 - test	S	10
CA2.2 Aplicáronse as técnicas de comunicación oral presencial e telefónica.	• LC.1 - Caso práctico	S	10
CA2.3 Aplicouse o protocolo de comunicación verbal e non verbal nas comunicacións presenciais e non presenciais.	• PE.2 - Caso práctico-proposta de solucións	S	10
CA2.4 Identificáronse os elementos necesarios para realizar e recibir unha chamada telefónica efectiva, nas súas fases de preparación, presentación-identificación e realización.	• PE.3 - pregunta teórica	S	10
CA2.5 Tivéronse en conta os costumes socioculturais e os usos empresariais, e valorouse a importancia da transmisión da imaxe corporativa	• PE.4 - caso práctico-proposta	S	10
CA2.6 Detectáronse as interferencias que producen as barreiras da comunicación na comprensión dunha mensaxe, e propuxéronse as accións correctivas necesarias.	• PE.5 - pregunta teórica	S	10
CA2.7 Utilizouse o léxico e as expresións adecuados ao tipo de comunicación e aos interlocutores.	• LC.2 - Caso práctico,	S	10
CA2.8 Aplicáronse convenientemente elementos de comunicación non verbal nas mensaxes emitidas.	• PE.6 - Caso práctico-detectar erros	S	10
CA2.9 Valorouse se a información se transmitiu con claridade, de xeito estruturado, con precisión, con cortesía, con respecto e con sensibilidade.	• LC.3 - Caso práctico	S	10
CA2.10 Comprobáronse os erros cometidos e propuxéronse as accións correctivas necesarias.	• LC.4 - Caso práctico-detectar erros	N	5

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.11 Utilizáronse equipamentos de telefonía e informáticos, con aplicación das normas básicas de uso.	• LC.5 - Caso práctico	N	5
		TOTAL	100

4.2.e) Contidos

Contidos
Elementos e etapas dun proceso de comunicación oral.
0Realización de entrevistas.
Realización de presentacións.
Comunicación telefónica.
Compoñentes da atención telefónica. Expresións adecuadas.
Cortesía nas comunicacións telefónicas.
Técnicas de transmisión da imaxe corporativa nas comunicacións telemáticas.
Preparación e realización de chamadas.
Identificación dos interlocutores.
Tratamento de diversas categorías de chamadas.
Central telefónica.
Principios básicos nas comunicacións orais.
0Lista telefónica: uso.
Videoconferencia.
Técnicas de comunicación oral.
Habilidades sociais e protocolo na comunicación oral.
Formas de comunicación oral.
Barreiras da comunicación verbal e non verbal.
Adecuación da mensaxe ao tipo de comunicación e ao interlocutor.
Utilización de técnicas de imaxe persoal.
Comunicacións na recepción de visitas.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	**Profesorado (en termos de tarefas)**	**Alumnado (tarefas)**	**Resultados ou produtos**	**Recursos**	**Instrumentos e procedementos de avaliación**	
Principios básicos das comunicacións orais presencias e non presenciais - Casos propostos pola profesora onde se señalan os principios básicos que deben rexer as comunicacións orais presencias e non presencias.	• Explicar os principios básicos das comunicacións orais presenciais e non presenciais	• Aplicar os principios básicos das comunicación orais presencias e non presenciais	• Práctica de comunicacións orais presencias e non presencias, aplicación dos principios expostos pola profesora e coñecidos polos alumnos	• Apuntes, libro recomendado, Internet para buscar información, casos prácticos youtube	• PE.1 - test	2,0
Técnicas de comunicacións oral presencial e telefónica - Practicar casos propostos pola profesora para adquirir habilidades nas técnicas de comunicacións orais presenciais e telefónicas	• Explicar as técnicas de comunicación oral presencial e telefónica	• Aplicar técnicas de comunicación oral presencial e telefónica	• Técnicas de comunicación oral presencial e telefónica aplicadas	• Apuntes, libro recomendado, Internet para buscar información,casos prácticos Youtube	• LC.1 - Caso práctico	4,0
Técnicas de comunicación verbal e non verbal - Analizar casos prácticos propostos pola profesora	• Explicar a comunicación verbal e non verbal	• Aplicar técnicas de comunicación verbal. Recoñer as sinais de comunicación non verbal nas demais persoas e saber utilizarlas nas distintas situacións	• Técnicas e sinais de comunicicación verbal e non verbal recoñecidas e aplicadas	• Apuntes, libro recomendado, Internet para buscar información, casos prácticos youtube	• LC.2 - Caso práctico, • PE.2 - Caso práctico-proposta de solucións • PE.3 - pregunta teórica • PE.4 - caso práctico-proposta • PE.6 - Caso práctico-detectar erros	4,0
Técnicas de protocolo e habilidades sociais - Identificar normas de protocolo e técnicas para fomentar as habilidades soiciais	• Transmitir a importancia de aplicar as habilidades sociais e o protocolo.	• Aplicar técnicas de protocolo e habilidades sociais na empresa	• Habilidades sociais e protocolo aplicadas nas comunicacións no ámbito da empresa • Manual de habilidades sociais e protocolo	• Apuntes, libro recomendado, Internet para buscar información, casos prácticos youtube	• LC.4 - Caso práctico-detectar erros • PE.5 - pregunta teórica • PE.6 - Caso práctico-detectar erros	2,0
A comunicación na atención a visitas - Coñecer as normas básicas de comunicación verbal , no verbal e presencial na atención as visitas	• Explicar as fases de atención presencial a visitas	• Aplicar as técnicas para a atención presencial as visitas na empres	• Técnicas aplicadas na atención presencial a visitas. • Manual de atención as visitas	• Apuntes, libro recomendado, Internet para buscar información, casos prácticos youtube	• LC.4 - Caso práctico-detectar erros • PE.4 - caso práctico-proposta • PE.6 - Caso práctico-detectar erros	4,0
Formas de comunicación oral - Identificar as distintas formas de comunicación oral	• Explicar as distintas formas de comunicación oral individual e masiva	• Recoñecer as distintas formas de comunicación individual e masiva	• Posta en práctica de simulacións de comunicacións individuas e masivas • Distintas formas de comunicación individual e masiva recoñecidas	• Apuntes, libro recomendado, Internet para buscar información	• LC.3 - Caso práctico • PE.6 - Caso práctico-detectar erros	6,0
A comunicación telefónica. Call centers - Utilizar si é posible equipamentos de telefonía e informáticos	• Explicar as técnicas de atención telefónica e por outros medios	• Aplicar técnicas de atención telefónica. • Aplicar técnicas de atención por outros medios	• Técnicas de atención telefónica na empresa coñecidas • Manual de técnicas de atención telefónica e outros medios electrónicos na empresa	• Apuntes, libro recomendado, Internet para buscar información, casos prácticos youtube	• LC.5 - Caso práctico	8,0
					TOTAL	**30,0**

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Elaboración de documuentos profesionais escritos	30

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora documentos escritos de carácter profesional aplicando criterios lingüísticos, ortográficos e de estilo.	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer as comunicación escrita nas organizacións e a súa importancia	1	A comunicación escrita na empresa	4,0
2.1 Diferenciar os distintos documentos profesionais da empresa,	2	Concepto e clasificación da documentación empresarial	6,0
3.1 Redacción de escritos empresariais: internos e externos	3	Redacción de escritos empresariais: internos e externos	10,0
4.1 Redacción dos escritos da empresa e Administración	4	Relacións escritas entre a empresa e Administración	4,0
5.1 Utilizar as redes sociais como medio de comunicación das empresas	5	Redes sociais	4,0
6.1 Saber transmitir unha imaxen corporativa nos escritos	6	Comunicaciones publicitarias e textos protocolarios	2,0
		TOTAL	**30**

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Identificáronse os soportes e as canles para elaborar e transmitir os documentos.	• PE.1 - Preguntas teórico-prácticas	S	10
CA3.2 Diferenciáronse os soportes máis apropiados en función dos criterios de rapidez, seguridade e confidencialidade.	• PE.2 - Preguntas teórico-prácticas	S	5
CA3.3 Identificouse o destinatario cumprindo as normas de protocolo.	• PE.3 - Preguntas teórico-prácticas	S	5
CA3.4 Diferenciáronse as estruturas e os estilos de redacción propios da documentación profesional.	• LC.1 - Traballos individualizados na aula	S	5
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.	• PE.3 - As medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.	S	20

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector da administración e a xestión.	• PE.4 - Os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector da administración e a xestión.	S	20
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.	• OU.3 - A necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.	S	20
		TOTAL	**100**

4.6.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde. Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral. Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais. Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral. Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	**Profesorado (en termos de tarefas)**	**Alumnado (tarefas)**	**Resultados ou produtos**	**Recursos**	**Instrumentos e procedementos de avaliación**	
O punto de partida - Patiremos dos coñecimentos iniciais dos alumnos para fixar os conceptos básicos da materia que nos permitan avanzar cara o obxectivo de formación dun técnico con formación básica en materia de prevención.	• Facer preguntas de resposta aberta ao grupo clase sobre o que consideran saúde, que vantaxes e inconvenientes ten o traballo, porque crén que se producen os accidentes ou as enfermidades, si poderían definir o concepto de risco, dano, etc. • Explicación da profesora partindo do manual e da lei de prevención de riscos dos conceptos técnicos básicos e axudándose de diverso material audiovisual • Exhibición de noticias e vídeos sobre sinistralidade laboral e elaboración dunha ficha cuestionario sobre os mesmos, incidindo nas distintas condicións de traballo que se presentan en cada caso e que son significativas para a saúde do traballador, os riscos que se orixinan e os danos que poden desencadearse ou que se produciron. • Corrección das tarefas e aclarar calquera dúbida que se prantexe en relación ao explicado. • Propoñer a resolución de casos sencillos de análise das condicións de traballo, riscos, danos e seguindo un procedimento e buscando a normativa básica aplicable a través do portal do insst.	• Respostar ás cuestións prantexadas. Tratando de dar a definición máis completa posible de cada un dos conceptos básicos propostos pola profesora e a continuación ler o artigo 4 da lei de prevención de riscos para saber o que dí a norma. • Prestar atención ao vídeo e ler a noticia de prensa, para respostar ó cuestionario. A continuación posta en común baixo a supervisión da profesora. • Realización dos exercicios e actividades propostos no manual de xeito individual nuns casos e en grupo de 2/3 alumnos noutros. • Respostar cuestionarios individuales unha vez xa quedaron explicados e suficientemente aclarados os conceptos básicos e resolver supostos sencillos aplicando o aprendido. • Utilizar o ordenador na procura da normativa de prevención de riscos básica e da lei de infraccións e sancións do orde Social.	• Realización dunha proba obxectiva sobre os criterios de avaliación desenvolvidos na ud 1 de prevención de riscos. • Resolución de cuestionarios sobre conceptos e definicións técnico-legais básicas. • Manexo das TIC na aprendizaxe e na busca de respostas a través dos portais oficiais. • Analizar as condicións de traballo e os factores de risco presentes en supostos sinxelos. • Resolución de supostos prácticos sinxelos aplicando normativa básica.	• Ordenador con conexión a internet • Manual • Canón proxector • Encerado • Cadernos e bolígrafos. • Aula virtual curso de FOL ADFI2020	• OU.1 - Sobre a relación das condicións laborais coa saúde da persoa traballadora. • OU.2 - A importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais. • OU.3 - A necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais. • PE.1 - Sobre os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras. • PE.2 - As actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente. • PE.3 - As medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores. • PE.4 - Os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector da administración e a xestión.	14,0
					TOTAL	**14,0**

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Coñecer para combater.	16

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da administración e a xestión.	SI

4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Detectar, analizar e clasificar actos e condicións inseguras no contorno de traballo en xeral e no perfil profesional do técnico superior en Administración e Xestión en particular. 1.2 Analizar os factores de risco e os danos que se poden derivar, especialmente os máis relacionados co perfil profesional. 1.3 Estudar e clasificar os distintos tipos de danos laborais, en especial os máis prevalentes na actividade.	1	Na procura dun contorno seguro.	6,0
2.1 Coñecer o método do INSHT de avaliación de riscos para a adopción de medidas de prevención e protección no contorno de traballo. 2.2 Aplicar o método a un contorno de traballo real ou simulado, elexindo as medidas de prevención e protección máis axeitadas e establecendo prioridades.	2	Tomando medidas fronte aos riscos.	10,0
		TOTAL	**16**

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en administración e finanzas.	• PE.1 - Sobre un exercicio escrito de control, no que se describe un centro de traballo cun nº pequeno de traballadores.	S	5
CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.	• PE.2 - Resolución dunha táboa de relacionar condicións laborais,factores e danos	S	5
CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en administración e finanzas.	• PE.3 - Ao igual que no anterior consistirá nun exercicio de relacionar e explicar as razóns da súa resposta, tendo en conta as consideracións legais e técnicas.	S	15
CA2.4 Identificáronse as situacións de risco más habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en administración e finanzas.	• PE.4 - Resolución dun suposto práctico de prevención de riscos no contorno dun profesional de Administración e Xestión.	S	10
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade.			0
CA2.5.1 Estudiouse o método simple de avaliación de riscos establecido polo INSHT e os criterios de priorización das medidas a adoptar.	• TO.1 - Sobre a resolución de exercicios na clase.	S	5
CA2.5.2 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, dado pola profesora.	• LC.1 - Resolución dun suposto.	S	10
CA2.5.3 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade elexido polo/a alumno/a.	• LC.2 - Realización dun traballo de avaliación de riscos sobre un centro de traballo propio do perfil, elexido polo alumno e entregado en tempo e forma.	S	50
		TOTAL	**100**

4.7.e) Contidos

Contidos
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
A protección da maternidade no contorno profesional propio do perfil do técnico superior en Administración e Finanzas.
Riscos específicos no sector da administración e a xestión en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector da administración e a xestión.
O método de avaliación de riscos seguido polo INSHT e a priorización da toma de medidas de prevención. (CA 2.5)

4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	**Profesorado (en termos de tarefas)**	**Alumnado (tarefas)**	**Resultados ou produtos**	**Recursos**	**Instrumentos e procedementos de avaliación**	
Na procura dun contorno seguro. - Trátase de definir e clasificar as condicións de traballo coas que nos atopamos e que poden xenerar riscos, estudando os factores de risco e os posibles danos que se poden derivar para a saúde para adoptar as medidas de prevención e protección axeitadas.	• Explicar partindo dun suposto inicial a diferencia entre acto e condición insegura, destacando a importancia do factor humán na seguridade e hixiene laboral. A continuación desenvolver un esquema no encerado, seguindo o propio manual do alumno, no que se vai ir encaixando á vez que se explican cada unha das condicións de traballo que, con carácter xeral, nos podemos atopar en calquera contorno de traballo e de aí extraer os diferentes factores de risco presentes. A explicación vaise alternando con cuestións aos alumnos e realización de exercicios puntuais para asentar o explicado. • Propoñer aos alumnos un Suposto Práctico (SP1) relativo á actividade profesional propia do perfil profesional do alumnado no que deben detectar, analizar e clasificar as distintas condicións de traballo, e os factores de risco que se deriven das mesmas coas posibles consecuencias dañinas para a saúde do/a traballador/a. Elaborar cuestionarios ou fichas que deben cumprimentar os alumnos, proporcionándolles enderezos na rede para consultar determinados informes técnicos, normativa ao respecto ou noticias de prensa que permita afondar ou ampliar as cuestións tratadas na clase. • Explicar os distintos danos profesionais, facendo fincapé na regulación normativa dos mesmos e os elementos que os conforman en cada caso, así como as diferencias existentes	• Atender ás explicacións tomando notas, se fora preciso, participando activamente na clase e realizando os exercicios. • Resolver o suposto práctico e consultar os informes, normativa ou prensa participando activamente nas tarefas encomendadas, debatindo, comentando ou cumprimentando os cuestionarios ou fichas propostas e correxíndoas. • Atender e participar activamente. Resolver os cuestionarios ou tarefas prantexadas pola profesora. Participar activamente nos debates propostos e tomar notas das conclusións ás que se cheguen unha vez lidos os artigos, leis e documentos propostos para quedar cunha idea clara e asentada do tema tratado.	• Busca autónoma de información na rede e síntese da mesma. • Controis de coñecementos. • Habituarse a falar en público de maneira respectuosa e argumentando as posicións, ou opinións propias. • Exercicios de síntese dos contidos tratados.	• Audiovisuais, ordenador da profesora con canón proxector, ordenadores, manual e cadernos individuais dos alumnos.	• PE.1 - Sobre un exercicio escrito de control, no que se describe un centro de traballo cun nº pequeno de traballadores. • PE.2 - Resolución dunha táboa de relacionar condicións laborais, factores e danos • PE.3 - Ao igual que no anterior consistirá nun exercicio de relacionar e explicar as razóns da súa resposta, tendo en conta as consideracións legais e técnicas. • PE.4 - Resolución dun suposto práctico de prevención de riscos no contorno dun profesional de Administración e Xestión.	6,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	entre eles e os diferentes factores de risco que os orixinan. A continuación coller de novo o suposto práctico SP1 e identificar os distintos tipos de danos que aparecen na narración do mesmo de maneira colectiva e razoadamente. Prantexarlle aos alumnos a busca na rede do informe anual de sinistralidade e enfermidades profesionais para que resposten a un cuestionario sobre cales foron as cifras de sinistralidade laboral en xeral e de maneira concreta no sector do seu perfil profesional, os tipos de danos laborais prevalentes no mesmo, que segmento de idade e sexo é o máis afectado e segundo que tipo de dano. Organización dun debate, previa lectura dalgún artigo ou noticia, sobre o mobbing, estrés, ansiedade ou depresión ou outras patoloxías derivadas do traballo ás que poidan estar sometidos. Localización do catálogo de enfermidades profesionais para coñecer como se clasifican as mesmas e cales son as enfermidades asociadas a actividade profesional do Técnico Superior en Administración e Xestión. • Valorar a actitude do alumnado de cara ás tarefas prantexadas e o nivel de esixencia ou esforzo persoal que se traduce dos mesmos e das súas intervencións así como do propio caderno persoal.Facer un control escrito das cuestións explicadas e avaliar os coñecementos acadados.					

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	**Profesorado (en termos de tarefas)**	**Alumnado (tarefas)**	**Resultados ou produtos**	**Recursos**	**Instrumentos e procedementos de avaliación**	
Tomando medidas fronte aos riscos. - Identificados os riscos é preciso valoralos axeitadamente para adoptar medidas de prevención e protección.	• Explicarase sobre o suposto práctico que utilizamos na actividade 1(SP1) o método básico que segue o INSHT para avaliar os riscos segundo a severidade do dano e a probabilidade para acometer xa medidas de prevención axeitadas seguindo unha prioridade de actuación. Prantexaranse ao alumnos cada unha das deficiencias detectadas para que primeiro individualmente no seu caderno e despois de maneira colectiva avalien os riscos e propoñan medidas de actuación atendendo a un orde establecido de prioridade. • Establecer unhas pautas para avaliar os riscos laborais nun contorno de traballo calquera e determinar as medidas de actuación a adoptar seguindo unha prelación. Este suposto que se correxirá en común e se debaterán tanto as avaliacións feitas como as medidas a adoptar tendo en conta os principios preventivos e que servirá para preparar o traballo que terán que elaborar os alumnos sobre a prevención de riscos nun contorno de traballo propio do seu perfil profesional de técnico superior de Administración e xestión. • Elaborar as pautas de elaboración do traballo de avaliación de riscos que deberán presentar os alumnos e que servirá como colofón e resumo de todo o visto ata agora nesta unidade formativa. Esas pautas conformarán unha lista de cotexo para valorar o traballo como satisfactorio, excelente ou incompleto. Neste último caso será preciso correxilo ou	• Estudar o método dado e preguntar as dúbidas que teñan ao respecto. Resolver as actividades propostas pola profesora seguindo o método coñecido. • Resolver os suposto dado pola profesora e tomar nota das pautas a ter en conta para facer o traballo de avaliación de riscos dun centro de traballo propio do seu perfil profesional, presentándoo dentro das datas establecidas, e como un requisito necesario;pero non suficiente para acadar unha avaliación positiva.	• Exercicios de aplicación do método de avaliación de riscos. • Traballo final de avaliación de riscos dun centro de traballo, real ou simulado, do perfil profesional do técnico superior en Administración e Xestión, no que se recollan as medidas preventivas a adoptar seguindo o método estudiado.	• Manual, ordenadores con acceso a internet, encerado e cadernos.	• LC.1 - Resolución dun suposto. • LC.2 - Realización dun traballo de avaliación de riscos sobre un centro de traballo propio do perfil, elexido polo alumno e entregado en tempo e forma. • TO.1 - Sobre a resolución de exercicios na clase.	10,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	modificalo para acadar unha avaliación positiva.					
					TOTAL	16,0

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Temos plan!	12

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	SI

4.8.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer as modalidades de xestionar a prevención na empresa. 1.2 Identificar as persoas responsables e as funcións de cada quen dentro da empresa no tocante á prevención de riscos. 1.3 Coñecer os organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención 1.4 Valorar a necesidade e a utilidade do plan de prevención de riscos. 1.5 Analizar as partes do plan de prevención como un instrumento lóxico e coherente de loitar contra os riscos.	1	A xestión da prevención na empresa.	4,0
2.1 Proxectar un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector 2.2 Traballar en equipo respectando contidos, prazos e forma	2	Elaboración do plan de autoprotección.	8,0
		TOTAL	**12**

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.	• TO.1 - Sobre os hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.	S	15
CA3.2 Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.	• PE.1 - Sobre os diferentes xeitos de organizar a prevención na empresa atendendo aos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.	S	20
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.	• PE.2 - Sobre os xeitos de representación dos traballadores en materia de prevención de riscos.	S	15
CA3.4 Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.	• PE.3 - Sobre a identificación dos organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.	S	10
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.	• TO.2 - Sobre un modelo de plan preventivo que inclúa a secuencia de actuacións a seguir no caso de emerxencia.	S	20
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.	• PE.4 - Sobre o ámbito da prevención integrada e as responsabilidades e funcións de cadaquen.	N	0
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en administración e finanzas.	• TO.3 - Sobre un suposto plan de prevención dun centro de traballo relacionado co sector profesional do técnico superior en Administración e Finanzas.	S	20

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.	• LC.1 - Sobre un proxecto de plan de emerxencia e evacuación elaborado polo/a alumno/a, para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título de técnico de Administración e xestión.	N	0
		TOTAL	**100**

4.8.e) Contidos

Contidos
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

4.8.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A xestión da prevención na empresa. - Coñeceremos as distintas formas de xestionar a prevención na empresa, diferenciando as funcións e responsabilidades que asume cada quen na empresa e, por último, coñeceremos a documentación necesaria para poñer en marcha a prevención.		•	•	•	• PE.1 - Sobre os diferentes xeitos de organizar a prevención na empresa atendendo aos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais. • PE.2 - Sobre os xeitos de representación dos traballadores en materia de prevención de riscos. • PE.3 - Sobre a identificación dos organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais. • TO.1 - Sobre os hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa. • TO.2 - Sobre un modelo de plan preventivo que inclúa a secuencia de actuacións a seguir no caso de emerxencia.	4,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Elaboración do plan de autoprotección. - Elaborar un plan de autoprotección e emerxencia e evacuación para unha pequena empresa do sector					• LC.1 - Sobre un proxecto de plan de emerxencia e evacuación elaborado polo/a alumno/a, para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título de técnico de Administración e xestión. • PE.4 - Sobre o ámbito da prevención integrada e as responsabilidades e funcións de cadaquen. • TO.2 - Sobre un modelo de plan preventivo que inclúa a secuencia de actuacións a seguir no caso de emerxencia. • TO.3 - Sobre un suposto plan de prevención dun centro de traballo relacionado co sector profesional do técnico superior en Administración e Finanzas.	8,0
					TOTAL	**12,0**

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Tomando medidas.	12

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en administración e finanzas.	SI

4.9.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Determinar as técnicas preventivas e protectoras fronte aos riscos laborais. 1.2 Coñecer as sinais de seguridade nos lugares de traballo e as pautas a seguir para que sexan eficaces. 1.3 Seleccionar os EPIS axeitados ás situación de risco atopadas.	1	Prever e protexer.	5,0
2.1 Coñecer os protocolos de actuación 2.2 Analizar a técnica do Triage para clasificar aos feridos, segundo a gravidade, nun caso de emerxencia con múltiples vítimas 2.3 Coñecer as técnicas básicas de primeiros auxilios 2.4 Analizar a composición básica e o uso da caixa de urxencias.	2	Actuar en situacións de perigo para a vida.	7,0
		TOTAL	**12**

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.	• PE.1 - Sobre as técnicas e medidas de prevención e portección fronte aos factores de risco e as súas consecuencias.	S	15
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.	• PE.2 - Sobre o significado e alcance da sinalización de seguridade.	S	20
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.	• PE.3 - Sobre un suposto de análise de risco e necesidade de selección dos EPIS axeitados.	S	15
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.	• PE.4 - Sobre diversos supostos de emerxencia no que o alumnado debe adoitar unha decisión de actuación, seguindo o protocolo axeitado.	S	15
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.	• PE.5 - Sobre un suposto de emerxencia con vítimas de diversa gravidade.	S	10
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.	• PE.6 - Sobre supostos simulados na clase con distintas vítimas con danos diversos; así como sobre a composición do botiquín de emerxencias.	S	25
		TOTAL	**100**

4.9.e) Contidos

Contidos
Medidas de prevención e protección individual e colectiva. Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia. Aplicación das técnicas de primeiros auxilios. Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

4.9.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Prever e protexer. - Centrándonos xa no resultado de aprendizaxe 4, trataremos de establecer unhas medidas de prevención fronte aos riscos laborais máis frecuentes na Administración e xestión, e coñeceremos os protocolos de actuación nos casos de emerxencias sanitarias.		•	•	•	• PE.1 - Sobre as técnicas e medidas de prevención e portección fronte aos factores de risco e as súas consecuencias. • PE.2 - Sobre o significado e alcance da sinalización de seguridade. • PE.3 - Sobre un suposto de análise de risco e necesidade de selección dos EPIS axeitados.	5,0
Actuar en situacións de perigo para a vida. - Estudaremos os protocolos de actuación para os casos nos que nos poidamos atopar con unha emerxencia vital.		•	•	•	• PE.4 - Sobre diversos supostos de emerxencia no que o alumnado debe adoitar unha decisión de actuación, seguindo o protocolo axeitado. • PE.5 - Sobre un suposto de emerxencia con vítimas de diversa gravidade. • PE.6 - Sobre supostos simulados na clase con distintas vítimas con danos diversos; así como sobre a composición do botiquín de emerxencias.	7,0
					TOTAL	**12,0**

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Todos os Criterios de Avaliación (CA) establécense como mínimos tendo que acadarse o 50% da cualificación de cada un para ter unha avaliación positiva. O cálculo do 50% establecerase no nivel mínimo de logro que corresponda ao instrumento de avaliación empregado.
Os procedementos de avaliación que se aplicarán poderán ser:
a. Probas de coñecementos:
i. Poden consistir en exames escritos con preguntas curtas e/ou a desenvolver, cuestionarios tipo test ou supostos prácticos.
ii. Conterán instrucións de realización con indicación de tempos máximos para realizalas e a cualificación máxima por preguntas ou apartados.
iii. Nos cuestionarios tipo test se indicará a nota mínima que se deberá acadar, sendo esta dun cinco, penalizándose as preguntas mal contestadas.
iv. Para os exames escritos con preguntas a desenvolver ou supostos prácticos empréganse modelos de solución (padróns) graduados do seguinte xeito: pregunta completa 100% da cualificación, pregunta case completa 75% da cualificación, pregunta aceptable (mínimo) 50% da cualificación, pregunta incompleta 25% da cualificación, pregunta moi incompleta 5% da cualificación. Unha proba de coñecementos non realizada inxustificadamente, suporá volvela realizar no período de actividades de recuperación correspondente.
v. Este tipo de probas serán combinadas. Ou sexa, se avaliarán varios criterios de cualificación nelas. A cualificación consistirá en corrixir a proba globalmente e repartir a cualificación entre os CA avaliados en función do peso establecido.
vi. En cada período de avaliación parcial (decembro, marzo e xuño) este tipo de probas terá un peso do 80% da cualificación obtida. As cualificacións de probas de coñecementos superiores a 4 puntos poderán facer media co resto de procedementos de avaliación para o cálculo da nota de cada avaliación.
b. Probas de produto e/ou desempeño:
i. Poden consistir en traballos de investigación, traballos de deseño, memorias, fichas, plans, obxectos e defensas orais tanto en grupo como individuais.
ii. Conterán indicacións/instrucións precisas sobre como presentalas, os formatos de presentación, o xeito de presentación (correo electrónico, aula virtual,...), que debe ser defendido, os prazos de presentación, as penalizacións por presentacións fóra de prazo e de como se cualificarán (de logro e indicadores). Un produto non presentado inxustificadamente, implicará volvelo a realizar no período de actividades de recuperación correspondente.
iii. Cualifícanse con táboas de indicadores (rúbricas) con catro niveis de logro: completo/excelente 100% da cualificación do indicador de que se trate; case completo/bo 75%; aceptable (mínimo) 50% e insuficiente do 0% ao 40%).
iv. Nas táboas de indicadores empregaranse os seguintes bloques: expresión escrita, formato, presentación e creatividade, contido e desempeño. Os indicadores de contido puntuarán como mínimo un 60% da cualificación total do produto.
v. Se o produto que se pide trae asociada unha exposición oral (defensa) esta será avaliada por separado coa súa correspondente táboa de indicadores que incluirán os seguintes bloques: linguaxe non verbal, linguaxe verbal, presentación e creatividade do apoio visual.
vi. Este tipo de probas serán combinadas. Ou sexa, se avaliarán varios criterios de cualificación nelas. A cualificación consistirá en corrixir a proba globalmente e repartir a cualificación entre os CA avaliados en función do peso establecido en axustar avaliación.
vii. En cada período de avaliación este tipo de probas terá un peso do 20% da cualificación obtida. As cualificacións de produtos superiores a 4 puntos poderán facer media co resto de procedementos de avaliación para o cálculo da nota de cada avaliación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. As probas con cualificacións inferiores a 4 puntos deberán ser superadas nos períodos correspondentes para as actividades de recuperación que se establezan.
2. Se a nota da 1ª 2ª ou 3ª avaliación é inferior a 5 puntos deberán ser recuperadas unicamente as probas de coñecemento ou de produtos e/ou

desempeños que, individualmente, obtiveron unha cualificación inferior a 5 puntos.
3. As actividades de recuperación desenvolveranse no período de abril a xuño aínda que durante o curso se establecerán para cada proba non superada, outros períodos de recuperación en datas anteriores. Trátase de que o alumnado aprenda dos propios erros e sexa capaz de corrixilos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

1. O alumnado perde a avaliación continua cando ten un 10% de faltas de asistencia sen xustificar ou un 15% xustificadas como máximo.
2. Elaborarase unha proba combinada que permita cualificar os CA do módulo. Conterá instrucións de realización con indicación de tempos máximos para realizalas e a cualificación máxima por preguntas ou apartados. Consistirá nunha proba de coñecementos por escrito con dúas partes: un cuestionario tipo test e casos prácticos.
3. O alumnado non terá que examinarse das partes superadas antes da perda da avaliación continua. Ou sexa, estarán exentos de contestar aquelas partes da proba que conteña casos prácticos relacionados con esas partes superadas. Esta exención lle será comunicada individualmente as persoas alumnas.
4. O cuestionario conterá o número suficiente de preguntas para poder avaliar os CAs do módulo. Deberán estar ben contestadas o 60% das preguntas do cuestionario para ter unha avaliación positiva nesta parte. As preguntas do cuestionario mal contestadas non penalizan.
5. A parte de casos prácticos consistirá nun número suficiente deles que permita avaliar os CAs do módulo que serán corrixidos con táboas de indicadores con catro niveis de logro: completo/excelente 100% da cualificación do indicador de que se trate; case completo/bo 75%; aceptable (mínimo) 50% e insuficiente do 0% ao 40%).
6. O cuestionario tipo test ponderará un 30% e os casos prácticos un 70% da cualificación final da proba. Cada parte será avaliada sobre 10 puntos e non se dará a proba por superada se en cada parte non se obtén como mínimo 4 puntos sobre 10.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

1. Cada 15 días, farase o seguimento da programación na aplicación informática. Mensualmente se dará conta na reunión de departamento preceptiva deste seguimento.
2. A avaliación da práctica docente realizarase unha reflexión sobre as competencias de programación, actividades de aula, avaliación e formación tendo en conta os seguintes indicadores de cada competencia:
a. Programación:
i. Planificación do traballo docente.
ii. Programación de unidades didácticas.
iii. Programación de actividades e tarefas.
iv. Tratamento da atención á diversidade e da transversalidade.
b. Actividades de aula:
i. Metodoloxía desenvolvida.
ii. Motivación para a aprendizaxe.
iii. Potenciación da autonomía no proceso de ensino-aprendizaxe.
iv. Coordinación co resto do equipo docente.
v. O clima na aula e resolución de conflitos.
vii. Traballo en equipo.
viii. Actividades desenvolvidas variadas facendo un papel docente-guía.
ix. Utilización dos recursos do contexto para reforzar o proceso EA.

x. Atención á diversidade. x. Inclusión da transversalidade nas actividades.
c. Avaliación:
i. Instrumentos utilizados para facer a avaliación inicial e o seu rexistro.
ii. Instrumentos utilizados para a avaliación continua e o seu rexistro.
iii. Procedemento utilizado para a avaliación final.
iv. Coavaliación e autoavaliación, se proceden.
v. Desenvolvemento das actividades de recuperación. vi. Información proporcionada sobre a avaliación e a cualificación.
d. Formación:
i. Formación desenvolvida formal.
ii. Formación desenvolvida non formal.
3. Na memoria do fin de curso se recollerán propostas de modificacións para o curso seguinte, en función da autoavaliación anterior realizada.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Durante o primeiro mes de curso se desenvolverá un procedemento de observación competencial a través de dúas tarefas concretas: a realización dun traballo por escrito e unha posterior exposición do mesmo ante o resto de compañeiros que permitan recoller información de todas/algunhas das competencias claves seguintes:
1. Competencia en comunicación lingüística. Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de maneira oral ou escrita. Para desenvolvela deseñaranse tarefas que impliquen a expresión escrita e a utilización da oralidade (traballos de reflexión e investigación por escrito e defensa dos mesmos de xeito oral apoiados en produtos gráficos)
2. Competencia matemática e competencias básicas encienciaetecnoloxía.A primeira alude ás capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; a competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea; e a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanos. Neste caso a preparación de material básico para repasar coñecementos matemáticos poderían reforzar a competencia.
3. Competencia dixital. Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información. Neste caso a utilización de software na elaboración de produtos de xeito responsable e tendo en conta licenzas e uso de datos persoais podería axudar a reforzar esta competencia.
4. Aprender a aprender. É unha das principais competencias, xa que implica que o alumnado desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempos, e traballar de maneira individual ou colaborativa para conseguir un obxectivo. Ensinar a investigar e a ser crítico coas buscas de información poden reforzar esta competencia.
5. Competencias sociais e cívicas. Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social e cívica. O traballo en equipo ensinando pautas para facelo poden reforzar esta competencia.
6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado que non responda adecuadamente ás actividades programadas aplicaránselle as seguintes medidas en función das súas necesidades:
- Recuperacións das partes non superadas antes do período de actividades de recuperación.

- Tarefas de alumnado específicas de reforzo.
- Introdución de estratexias e ferramentas que reforcen as competencias clave, nas actividades deseñadas.
- Deseño de actividades secuenciadas que axuden a entender o que se pide.
- Coordinación co equipo docente para tratar o reforzo en competencias clave.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Tendo en conta o anterior no ámbito da familia profesional de Administración e xestión, trataranse as seguintes temáticas, de xeito transversal, tanto nas tarefas do profesorado como do alumnado:

1. Valores democráticos e mellora da cohesión social.
2. Loita contra a pobreza e contribución ao desenvolvemento humano.
3. Dereitos Humanos.
4. Protección das minorías e do colectivo LGTBIQ.
5. Dereitos laborais.
6. Respecto das condicións de competencia.
7. Transferencia de tecnoloxía: respecto licenzas e patentes.
8. Preservación do Medio Ambiente. A sostenibilidade.
9. Promoción da igualdade de xénero.
10. Reforzo do respecto dos Dereitos Fundamentais. A protección de datos persoais.
11 .Deontoloxía profesional.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares xogan un papel esencial no reforzo e na dinamización do proceso formativo, dentro e fóra do centro.

As actividades previstas no Departamento son as seguintes:

Actividades relacionadas co autoemprego
Realización de Visitas a empresas e organismos públicos.
Comercio Xusto e consumo responsable.
Difusión de noticias de carácter empresarial
Asistencia a conferencias, charlas ou actos relacionados coa materia do módulo ou coa educación en valores.